

	RÚBRICA COMENTARIO DE TEXTO			
	EXCELENTE	BO	REGULAR	INADECUADO
Localización: Identificar o autor, o texto no contexto da obra, o pensamento do autor, o pensamento da época na que se elabora.	Identifícase o autor e os outros tres elementos.	Identifícase o autor e outros dos dous elementos	Identifícase o autor.	Non se identifica nin o autor
Tema: Localizar e expoñer a pregunta que traballa o texto e a resposta que dá o autor.	Identifícase e expoñen a pregunta e a resposta que dá o autor	Identifícase a pregunta e achégase á resposta.	Identifícase e expón a resposta, pero non a pregunta.	Non se identifican a resposta nin a pregunta.
Estrutura externa: Expóñense as partes nas que o autor divide o texto.	Expón a estrutura externa adecuada ás ideas expostas polo autor independentemente dos parágrafos elíñas.	Exponse a estrutura externa en base aos parágrafos e liñas do texto.	Exponse a estrutura externa @teniendo en cuenta, unicamente, os parágrafos do texto.	Non presenta nin se expón a posible estrutura externa do texto.
Estrutura Interna: Identificar e expoñer as ideas principais, as ideas secundarias, os argumentos e os exemplos que xustifican o tema do texto.	Expóñense adecuadamente as ideas principais, as ideas secundarias, os argumentos e os exemplos que xustifican o tema do texto.	Identifícanse e expoñen ideas principais e secundarias en relación ao tema do texto.	Identifícanse ideas principais ou secundarias, pero non se relacionan co tema do texto.	Non se expoñen nin ideas principais, nin secundarias, nin argumentos nin exemplos do texto.
Valoración persoal: Identificar o tema exposto polo autor na actualidade e dar unha valoración persoal argumentada sobre a resposta que o autor nos presenta no texto.	Exponse, por parte do alumno ou alumna, a actualidade do tema e redáctase unha valoración persoal argumentada sobre a resposta que o autor nos presenta no texto.	Exponse, por parte da alumna ou alumno, a actualidade do tema e redáctase unha valoración persoal, sen argumentar.	Preséntase unha valoración persoal sen argumentar.	A valoración persoal non se refire ao tema e redúcese a dicir que se está de acordo ou en contra ou se lle gustou ou non o texto, ou se lle foi de difícil lectura ou fácil...
Presentación: Elabora textos lexibles: limpeza, marxes, caligrafía.	Escrebe con limpeza (sen riscadas). O erro soluciónao tachando cunha liña. Deixa marxes no texto encadrándoo no folio correctamente. A caligrafía é lexible.	A caligrafía é lexible. Escrebe con limpeza.	A caligrafía é lexible. Escrebe con limpeza.	Ten un ou ningún dos anteriores ítems.
Ortografía e redacción: Escrebe correctamente as palabras: grafía, uso de maiúsculas e acentuación. Usa adecuadamente os signos auxiliares de escritura: signos de puntuación, interrogación e exclamación. Separa os parágrafos.	Non hai ningún erro de gramática, ortografía, acentos ou puntuación. Revisouse o contido porque non hai palabras repetidas Úsase un vocabulario preciso. Hai separación dunha liña máis do habitual entre parágrafos en todo o texto	Non hai ningún erro de gramática, ortografía. Algún erro de acentos ou puntuación. Úsase un vocabulario preciso. Hai separación entre parágrafos.	Hai faltas de ortografía e puntuación. Repítense palabras O vocabulario é vulgar.	Abundantes faltas de ortografía e uso incorrecto do vocabulario